

BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR E PERSOAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO “RENOVA VI”

Este programa está subvencionado ao amparo da Orde do 21 de abril de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR353A), publicada no DOG núm. 85 do 4 de maio de 2023 . Respéctanse o establecido na Resolución de concesión da subvención, de data do 5 de outubro de 2023 notificada o 9 de outubro de 2023 e con Núm. de expediente 15/0026/2023 e a circular recibida xunto con dita resolución da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a circular “Instrucións en relación co procedemento de selección de persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego” de data 14 de xuño de 2023. Aos efectos de respectar o establecido no Real Decreto 659/2023 de 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional, con data 18 de outubro recíbese un correo electrónico enviado dende a Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade na Coruña cunha comunicación aclaratoria e de aplicación nos procesos de selección do persoal docente dos certificados de profesionalidade a impartir nos Obradoiros de Emprego. Este Real Decreto afecta as condicións que debe cumprir o persoal docente das especialidades que se impartan en cada obradoiro, polo que deberá ser tido en conta á hora de elaborar as bases de selección ou a convocatoria pública.

As persoas seleccionadas percibirán as retribucións que se sinalan no proxecto elaborado polas entidades promotoras do mesmo (Concello de Ames e Brión), conforme a normativa xurídica aplicable, sin que poidan participar na distribución de fondos, nin percibir retribucións distintas as establecidas.

As **especialidades** a impartir son as seguintes:

- ✓ **Certificado de profesionalidade ENAE0108 MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS**
- ✓ **As Especialidades do catálogo SEPE: SSCI002 Operacións auxiliares de mantemento en piscinas de uso colectivo e fontes ornamentais e SSCI016PO Mantemento e conservación de piscinas**

A **distribución** por concellos é a seguinte:

- Concello de Ames: 15 alumnos/as
- Concello de Brión: 5 alumnos/as

As **actuacións** a realizar son as seguintes:

- **INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA EDAR DE SISALDE DO CONCELLO DE AMES-BRIÓN (Código do proxecto: OBRA AMES-BRIÓN 1)**
- **INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA E SISTEMA DE BOMBEO NA PISCINA MUNICIPAL DE BERTAMIRÁNS (Código do proxecto: OBRA AMES 2)**



- **INSTALACIÓN BOMBEO PISCINA MUNICIPAL DE BASTAVALES CONCELLO DE BRIÓN (Código de proxecto: OBRA BRIÓN 3)**
- **INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA E SISTEMA DE BOMBEO NA PISCINA MUNICIPAL DE MILLADOIRO (Código do proxecto: OBRA AMES 4)**
- **INSTALACIÓN DE SISTEMA DE BOMBEO NA PISCINA MUNICIPAL DE TAPIA (Código do proxecto: OBRA AMES 5)**
- **MTTO. 1: MANTEMENTO DE INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA NO CENTRO DE FORMACIÓN E EMPREGO DO CONCELLO DE AMES. (OBRA 6)**
- **MTTO. 2: MANTEMENTO DE INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA NO CAMPO DE FÚTBOL DE BERTAMIRÁNS, NO CONCELLO DE AMES. (OBRA 7)**
- **MTTO. 3: MANTEMENTO DE INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BERTAMIRÁNS, NO CONCELLO DE AMES. (OBRA 8)**
- **MTTO. 4: MANTEMENTO DE INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA NO CAMPO DE FUTBOL DE MILLADOIRO, NO CONCELLO DE AMES. (OBRA 9)**
- **MTTO. 5: MANTEMENTO DE INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA NA CASA DA CULTURA E EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO MILLADOIRO, NO CONCELLO DE AMES. OBRA 10)**
- **MTTO. 6: MANTEMENTO DE INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA NA ESCOLA INFANTIL DE BRIÓN. (OBRA 11)**
- **MTTO. 7: MANTEMENTO DE INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BRIÓN, NO CONCELLO DE BRIÓN. (OBRA 12)**
- **MTTO. 8: MANTEMENTO DE INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA NO ESPAZO COLABORATIVO TRANSFORMANDO, NO CONCELLO DE BRIÓN. (OBRA 13)**
- **MTTO. 9: MANTEMENTO DE INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA DEPURADORA DE AMEIXENDA DO CONCELLO DE AMES (OBRA 14)**
- **MTTO. 10: MANTEMENTO DE INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA DEPURADORA DE MILLADOIRO DO CONCELLO DE AMES (OBRA 15)**
- **MTTO. 11: MANTEMENTO DE INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA NO CENTRO POLIVALENTE DE BRIÓN, NO CONCELLO DE BRIÓN (OBRA 16)**
- **MTTO. 12: MANTEMENTO INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA ETAP DE LENS DO CONCELLO DE AMES-BRIÓN. (OBRA 17)**
- **MTTO. 13: MANTEMENTO DE INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA NA PÉRGOLA FV DA BIBLIOTECA DE BRIÓN, NO CONCELLO DE BRIÓN. (OBRA 18)**
- **MTTO. 14: MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL EXTERIOR DE – BERTAMIRÁNS, CONCELLO DE AMES. (OBRA 19)**
- **MTTO. 15: MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL EXTERIOR DE BASTAVALES, CONCELLO DE BRIÓN. (OBRA 20)**
- **MTTO. 16: MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL EXTERIOR DE MILLADOIRO. CONCELLO DE AMES. (OBRA 21)**
- **MTTO 17: MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL EXTERIOR DE TAPIA. CONCELLO DE AMES. (OBRA 22)**
- **MTTO 18: MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE FONTES ORNAMENTAIS DE AMES PRAZA DE CHAVIÁN E PRAZA DA MAIA. (OBRA 23)**
- **MTTO. 19: MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE FONTES ORNAMENTAIS DE BRIÓN, CONCELLO DE BRIÓN. (OBRA 24)**

O obradoiro terá unha duración de 12 meses e formará a 20 alumnos/as traballadores/as.

1ª.- OBXECTO

A través do procedemento de selección que se sinala nestas bases e na instrución da Dirección Xeral de Formación e Colocación de data 14 de xuño de 2023, así como no Real Decreto 659/2023, de 18 de xullo, en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de





apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego e demais disposicións de pertinente aplicación, o obxecto desta convocatoria é a contratación temporal por programa do seguinte persoal para a xestión e o desenvolvemento do obradoiro de emprego:

- **1 Director/a** (xornada completa)
- **1 Mestre/a da especialidade ENAE0108 MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS** (xornada completa)
- **1 Mestre/a complementario da especialidade ENAE0108 MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS e mestre/a das especialidades do catálogo SEPE SSCI002 Operacións auxiliares de mantemento en piscinas de uso colectivo e fontes ornamentais e SSCI016PO Mantemento e conservación de piscinas** (xornada completa)
- **1 técnico/a coordinador de formación e de formación complementaria (titor/xestión empresarial...)** (xornada completa)
- **1 auxiliar administrativo/a** (xornada completa)
- **20 alumnos/as traballadores/as** (xornada completa)

2ª MODALIDADE DE CONTRATACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO

A modalidade contractual que se aplicará para o persoal docente e directivo será dun contrato de persoal laboral temporal para a mellora da ocupabilidade denominado “Obradoiro Dual de Emprego Renova VI”. A relación con este persoal rexeráse pola normativa que é de aplicación na actualidade.

A modalidade contractual que se aplicará para o alumnado será contratado mediante a modalidade de “contrato para a formación en alternancia”, de acordo co disposto no texto refundido da lei do Estatuto dos Traballadores, a estes contratos non será de aplicación o limite de idade, nin o de duración establecido de dito estatuto.

A contratación do persoal será pola duración total do obradoiro establecido en 12 meses dende a data de inicio prevista o 24 de novembro de 2023 ou da que se fixe no suposto de autorizarse unha ampliación da data prevista.

Todo o persoal será contratado a xornada completa.

3ª O GRUPO DE SELECCIÓN

1. O grupo de selección terá como función a valoración de méritos alegados polos/as aspirantes remitidos pola Oficina de Emprego de Santiago-Centro e a valoración das entrevistas ou probas que se realicen. Os membros serán designados dous de eles pola alcaldía do concello de Ames actuando un/unha deles como presidente e un pola alcaldía do concello de Brión, actuando como secretario/a (en virtude do artigo 21.1.g da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local).

O grupo de selección poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas que estime pertinentes, limitándose ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto. O nomeamento destas/es asesores especialistas corresponderalle aos alcaldes de Ames e Brión a proposta do grupo de selección.



2. As decisións do grupo de selección tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes. A persoa designada como presidente/a, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá de voto de calidade.

Se, por calquera causa, no momento no que teñan lugar as reunións do grupo de selección, algún dos seus membros non puidera asistir, será substituído pola persoa que figurase de suplente para ela.

As reunións do grupo de selección recolleranse nas actas correspondentes.

Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte do grupo de selección nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.

O grupo de selección considerarase validamente constituído coa participación nas sesións de traballo de tres dos seus compoñentes.

Incidentes e reclamacións: As incidencias e reclamacións que se puidesen suscitar derivadas dos procesos de selección serán resoltas polo grupo de traballo.

4. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR

Sistema de selección: Oferta tipo T (Obradoiro de emprego)

Localidade: Ámbito dos Concellos de Ames e Brión. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Idade: 18 ou máis anos.

Situación Laboral: Persoas desempregadas demandantes de emprego que carezan de retribución remunerada e estean dispoñibles para o emprego, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que será o encargado de realizar a sondaxe tendo en conta ás persoas inscritas en algún dos seguintes servizos: 320, 330, 340, ou 370 e os demandantes que se atopen na situación administrativa de suspensión 699 (suspensión específica programas experimentais de emprego) e cumprir cos requisitos do contrato de formación e aprendizaxe no momento da selección e da contratación.

4.1 Criterios preferentes e sistema de selección: o grupo de selección aplicará os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 11º da Orde do 12 de abril de 2023 (DOG nº78, do 24 de abril de 2023) e do 21 de abril de 2023 (DOG 85 do 4 de maio de 2023) da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2023, segundo baremo que se xunta no Anexo I destas bases.

As persoas candidatas deberán, tendo en conta que a formación a impartir no proxecto vai dirixida á obtención dun certificado de profesionalidade de nivel de cualificación 2, cumprir cos requisitos de acceso sinalados no Real decreto que regula o dito certificado.

Na oferta de emprego que se tramite terán preferencia as persoas que solicitasen este servizo a través da súa demanda de emprego e, dentro destas, priorizaranse aquelas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral.



O número máximo de candidatas/as a preseleccionar será como mínimo, se é posible, de 60 (3 por praza). A sondaxe realizarase entre as persoas demandantes con algunha das claves seguintes: **320, 330, 340 ou 370 e na situación administrativa de suspensión 699**, a partir dos 18 anos.

Unha vez aprobada as bases de selección, o Concello de Ames tramitará a correspondente oferta **a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, por procedemento PR004A dirixindo a solicitude á xefatura territorial correspondente e a oficina de destino correspondente**, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas polo grupo de selección. Ao realizarse un dobre procedemento de valoración, obxectivo e subxectivo, deberán facerse de forma independente valorando primeiro os aspectos subxectivos e con posterioridade, e despois de facelos públicos, realizarase a valoración obxectiva.

As persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego serán convocadas, en primeiro lugar, para a realización dunha entrevista persoal (**9 puntos**), coa finalidade de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas actitudes, capacidades e motivación, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo

Posteriormente realizarase unha avaliación obxectiva que constará de dúas partes:

- 1ª - Aplicación do baremo (**3 puntos**) establecido no Anexo I, por medio do cal serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas.
- 2ª - Realización dun cuestionario (**18 puntos**), previamente aprobado polo tribunal, para avaliar os coñecementos básicos sobre a materia obxecto deste obradoiro.

As persoas candidatas que cumpran algún dos criterios de prioridade establecidos no artigo 11º da Orde do 12 de abril de 2023 (DOG nº78, do 24 de abril de 2023) e do 21 de abril de 2023 (DOG 85 do 4 de maio de 2023) da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2023 e conforme o Anexo I destas bases, deben manter as condicións de criterios de prioridade ata o día da contratación.

Presentaranse no Rexistro xeral do Concello de Ames, especificando de xeito claro que é para o Obradoiro Dual de Emprego RENOVA VI de forma presencial, ou a través da sede electrónica (<https://sede.concellodeames.gal>).

A Oficina de Emprego comunicará ás persoas candidatas preseleccionadas para os postos de alumnado-traballador a data e lugar para a realización da entrevista. Estas entrevistas terán lugar nas datas e no local que fixe o grupo de selección. O grupo de selección levará a cabo as entrevistas, valoraras e puntuaras, o que será obxecto de exposición pública no mesmo local onde tivo lugar a entrevista, na oficina de emprego de Santiago Centro e nas páxinas web dos Concellos de Ames e Brión, onde se indicará tamén a data, hora e lugar para a realización do cuestionario. Posteriormente o grupo de selección levará a cabo a valoración dos méritos das persoas candidatas.

O grupo de selección, unha vez realizado o cuestionario, o corraxirá e puntuará e o resultado será obxecto de exposición pública no mesmo local onde tivo lugar a entrevista, na oficina de emprego de Santiago Centro e nas páxinas web dos Concellos de Ames e Brión

Cos resultados das 3 fases do proceso elaborárase a listaxe de alumnos-traballadores propostos e remitirase á correspondente oficina de emprego que deberá verificar que cumpren con todos os requisitos para poder participar no proxecto.





O grupo de selección redactará as correspondentes actas do procedemento e remitiráas á oficina de emprego e á xefatura territorial (Servizo de Formación e Colocación), acompañada da relación do alumnado seleccionado, elaborando tamén unha listaxe de reserva cos candidatos/as non seleccionados.

4.2 Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas

Os casos de empate resolveranse aplicando a seguinte orde de prelación:

- a) Non ter participado nunca nun obradoiro de emprego
- b) A menor cualificación profesional
- c) Maior tempo acreditado como persoa demandante de emprego
- d) A persoa de maior idade.

5. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO

5.1 Consideracións xerais.

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o obradoiro de emprego, o Concello de Ames tramitará a correspondente oferta de emprego na oficina de emprego de Santiago Centro, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas.

Neste caso o procedemento utilizado consistirá na oferta de emprego e rexistrase como unha oferta de tipo A ordinario e oferta pública, nas que se adecuará o perfil das persoas candidatas aos baremos que se achegan nas páxinas seguintes. As ofertas de emprego serán elaboradas pola entidade promotora, tramitaranse na oficina de emprego e serán obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia.

A difusión será polo prazo establecido pola entidade promotora, respectando en todo caso un prazo de 2 días. As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas na oficina de emprego como demandantes de emprego e terán preferencia as persoas que, en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido, **se atopen en situación de desemprego** (artigo 12.5 da Orde).

O número máximo de persoas candidatas a preseleccionar para cada praza será de cinco (5), debendo considerar, na medida do posible, un mínimo de tres (3) persoas candidatas por posto.

O ámbito da sondaxe será o dos Concellos de Ames e Brión, ampliándose, no caso de non obter o número de candidatos/as suficiente, aos outros concellos dos ámbitos territoriais das oficinas de emprego a que pertencen os concellos promotores e, de ser necesario, a toda a provincia ou á Comunidade Autónoma de Galicia.

As persoas candidatas para os postos do equipo docente-directivo, deberán presentar a documentación que sirva para a valoración dos méritos conforme ao establecido no Anexo I destas bases, antes das 14 h. do día seguinte ao da celebración da correspondente entrevista.

Presentaranse no Rexistro xeral do Concello de Ames, especificando de xeito claro que é para o Obradoiro Dual de Emprego RENOVA VI, de forma presencial ou a través da sede electrónica (<https://sede.concellodeames.gal>).

Os concellos de Ames e Brión comunicarán ás persoas candidatas preseleccionadas o día, hora e lugar de celebración da entrevista.



DOCUMENTACIÓN

- A titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial, título provisional ou certificación académica na que conste o abono das taxas e a data de expedición do título.
- Os cursos realizados, que se xustificarán cos correspondentes diplomas.
- A experiencia profesional, que deberá xustificarse:
 - o Traballo por conta allea: contratos de traballo ou certificados de empresa acompañados do informe da vida laboral expedida pola Seguridade Social sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada, computándose as horas efectivas cotizadas.
 - o Traballadores autónomos: alta no imposto de actividades económicas acompañada de informe de vida laboral. No caso de non estar obrigado, documento que lle exima de obrigaón de cotizar.
 - o Traballos no estranxeiro: certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos cotizados.

Terase en consideración os seguintes criterios xerais:

- a) Titulacións complementarias: Valorarase posuír unha titulación académica distinta á mínima esixida para participar no procedemento selectivo sempre que a complemente ou estea relacionada coas funcións a desenvolver por quen resulte seleccionado. Consecuentemente, a dita titulación mínima unicamente se terá en conta para determinar a admisión da persoa aspirante ao proceso selectivo, e non poderá ser obxecto de valoración posterior.
- b) Experiencia profesional: Valoraranse os períodos de meses completos de traballo, tanto por conta propia como allea, en postos relacionados coa especialidade formativa a impartir ou actividade a desenvolver no proxecto formativo. Tamén poderá valorarse a experiencia docente na materia.
- c) Se as bases establecen un tempo mínimo de experiencia profesional e/ou docente para acceder ao proceso selectivo, o dito período condicionarán a admisión do aspirante á selección pero non poderá ser obxecto de valoración posterior.
- d) Cursos realizados: Deben estar relacionados coas funcións a desenvolver por quen resulte seleccionado, tendo en conta que non serán valorados aqueles que teñan unha duración inferior a vinte horas lectivas nin os que na súa documentación acreditativa non figure a súa duración en horas.
- e) Coñecementos do idioma galego: Serán valorados aqueles cursos ou titulacións homologados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Aquelas persoas candidatas que xa presentaran a dita documentación acreditativa para o proceso selectivo de obradoiros de emprego, e lle fora valorada no ano 2022 para ao mesmo posto, no concello de Ames, só precisarán presentar a actualización de méritos dende a última convocatoria valorada para o dito posto.

As persoas candidatas preseleccionadas que non cumpran cos requisitos de titulación e experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que non terá lugar a entrevista e o seu currículo non será obxecto de baremación. Ao realizarse un dobre procedemento de valoración, obxectivo e subxectivo, deberán facerse de forma independente valorando primeiro os aspectos subxectivos e con posterioridade, e despois de facelos públicos, realizarase a valoración obxectiva.



As persoas que non se presenten á entrevista, serán excluídas do proceso selectivo.

O grupo de selección citará ás persoas candidatas admitidas para unha entrevista de selección na que se valorará a adecuación das mesmas aos postos de traballo ofertados. Estas entrevistas terán lugar nas datas e no local que fixe o tribunal. A dita entrevista, que terá por finalidade determinar as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria, non será eliminatoria e corresponderalle unha puntuación equivalente ao 35% da puntuación total máxima do proceso selectivo. O resultado das ditas valoracións será obxecto de exposición pública no mesmo local onde foron realizadas as entrevistas, na oficina de emprego de Santiago Centro e nas páxinas web dos Concellos de Ames e Brión.

O grupo de selección valorará os currículos conforme aos baremos e redactará a correspondente acta que se remitirá á Xefatura territorial (Servizo de Formación e Colocación). A relación provisional das puntuacións outorgadas será exposta nos taboleiros da oficina de emprego de Santiago Centro e nos taboleiros e as páxinas web dos Concellos de Ames e Brión, debendo figurar o prazo para presentar reclamacións.

5.2 Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, son por orden de prelación:

- a. O maior tempo acreditado como persoa desempregada.
- b. A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- c. A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- d. De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- e. A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- f. A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- g. A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- h. A persoa candidata de maior idade

5.3 Remate do proceso e validación.

Unha vez elaborada a proposta de persoal directivo, docente e de apoio a contratar para o proxecto, remitirase á correspondente xefatura territorial que deberá verificar que cumpre todos os requisitos necesarios para participar no proxecto. Se algunha das persoas candidatas propostas non cumprira ditos requisitos a xefatura comunicarllo a entidade promotora para que poda substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva. O proxecto non poderá dar comezo en tanto a xefatura non comprobe que todo o persoal docente reúne ditos requisitos.

6. PUBLICACIÓNS E/OU NOTIFICACIÓNS PUNTUACIÓNS FINAIS, CONTRATACIÓN E LISTAXE DE RESERVA.

Finalizada a derradeira fase, a entidade promotora procederá a establecer as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento.

As ditas puntuacións finais virán dadas pola suma dos puntos acadados en cada fase e determinarán a orde de prelación das persoas aspirantes constituíndo a proposta para a súa posterior contratación pola entidade promotora.





Concello de AMES



Concello de Brión
www.concellobrión.gal

O grupo de selección acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa aplicable. Estas publicacións realizaranse nos taboleiros dos concellos promotores, da Xefatura territorial e da Oficina de emprego de Santiago Centro, así como na páxina web dos dous concellos.

Rematado o proceso selectivo, elaborárase unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás da persoa candidata proposta para ocupar a praza obxecto da convocatoria. Esta listaxe empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade pola persoa inicialmente seleccionada.

No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación pola entidade promotora, iniciárase un novo procedemento de selección, de conformidade co previsto nas instrucións que se determine pola consellería correspondente.

Ames, na data da sinatura dixital

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
25/10/2023 7E8AA661DE399F36EC8B9CAC3868114AC0F963EC

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2A004B211B4F074DA3

POSTO DE TRABAJO:
Técnica de administración xeral

NOME:
ABOY GARCÍA, MARÍA OFIR



ANEXO I. BAREMOS PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/DUNHA DIRECTOR/A

FUNCIÓNS:

Encargarase da coordinación xeral do obradoiro de emprego, e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, entidades promotoras e empresariado. Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo, coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

En xeral estará encargado do bo funcionamento do Obradoiro, concretamente:

1. Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións
2. Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e ante os concellos de Ames e Brión as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria.
3. Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
4. Supervisar a formación do alumnado traballador e a labor educativa do persoal docente.
5. Colaborar co/a mestre/a de xestión empresarial para facilitar a inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o proxecto.
6. Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencia, puntualidade, comportamento no posto de traballo..., todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
7. Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado traballador.
8. Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.

Será contratado/a a tempo completo.

REQUISITOS MÍNIMOS:

A sondaxe realizarase pola ocupación de “Director técnico de centro educativo” con nivel académico: licenciatura, diploma ou grao.

Experiencia profesional mínima de 24 meses na ocupación.

Coñecemento de linguas: CELGA 4.

Carné de conducir: B

ENTREVISTA:

Valoraranse as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de **7 puntos**.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

1. Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:

- Doutoramento: 1.25 puntos.
- Master universitario, ata 500 horas: 0.75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Posgrao universitario, ata 100 horas: 0.25 puntos; máis de 100 horas: 0.50 puntos.
- Titulación universitaria: licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior en formación profesional da rama correspondente ou o seu equivalente: 0.10 puntos.
- Título de técnico/a medio en formación profesional da rama correspondente ou o seu equivalente: 0.05 puntos.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Valoraranse unicamente como máster universitario ou posgrao os que así se identifiquen no propio título ou veñan acompañados dunha certificación que acredite a dita categoría de máster ou posgrao.

2. Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
